



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** CONTRATACIÓN DE 1 AUXILIAR ADMINISTRATIVO CON CARGO Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DO PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO DA XUNTA DE GALICIA. (EXP. 2026/E001/000002)

**EXPEDIENTE:** 2026/G003/000411

### ANTECEDENTES:

O Departamento Territorial na Coruña da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, comunicou a este concello, con data do 21-04-2026, a resolución de concesión dunha subvención por importe de 105.775,71 euros para a contratación laboral temporal de 6 persoas desempregadas, a tempo completo, por un período de 9 meses, 5 delas para a ocupación de peón/peoa forestal e 1 para a de empregado administrativo sen tarefas de atención ao público, co obxecto de desenvolver o “Plan de limpeza de pistas forestais do Concello de Ponteceso”, empregando a modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego (código de contrato 405), ao abeiro da Orde de 22 de xaneiro de 2026, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2026 -código de procedemento TR351G- (DOG núm. 24 do 5 de febreiro de 2026), A dita resolución fixa como data límite para formalizar as contratacións o día 1 de xullo de 2026.

Na data do 22-04-2026 dítase providencia de Alcaldía na que se dispón o inicio do expediente para a selección de 5 peóns/peoas forestais e 1 auxiliar administrativo/a, realizando a selección na forma prevista no artigo 14 da Orde da convocatoria do 22 de xaneiro de 2026 e a contratación segundo o establecido no seu artigo 15.

O 23-04-2026 o técnico de Medio Ambiente emite informe sobre a necesidade de proceder á dita contratación.

O 21-05-2026 o alcalde asina a proposta de bases reguladoras do proceso selectivo, que establecen como sistema de selección o de oposición.

O 27-05-2025 a Intervención municipal emite informe de fiscalización (REF: MGM.27.05.26.1).

A necesidade de contratación dun auxiliar administrativo para o Departamento de Medio Ambiente xustifícase, por un lado, na finalización do programa “Actuacións municipais na área de Medio Ambiente”, que estaban a desenvolver un técnico de Medio Ambiente e unha auxiliar administrativa, e, por outro, na sobrecarga de traballo que actualmente soporta esta área, dadas as competencias que ten o concello neste terreo para dar debido cumprimento á ordenanza municipal reguladora da xestión da biomasa e distancia das plantacións do Concello de Ponteceso, sendo cada vez máis o número de expedientes administrativos tramitados para a xestión da biomasa, tanto por denuncias de particulares como os iniciados de oficio.

Visto que son moi limitados os recursos humanos cos que conta esta administración, ao non dispoñer na súa plantilla con suficiente persoal para o desenvolvemento destas funcións, o que



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

impide dar resposta ás necesidades urxentes e inaprazables que demandan os veciños do municipio en materia de biomasa, considérase necesario proceder á contratación temporal dun auxiliar para poder executar as mencionadas funcións.

De conformidade co artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o municipio exercerá como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas a materia de medio ambiente urbano, estando o concello obrigado a prestar este servizo. No mesmo sentido, o artigo 80.2, apartado f) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, establece que os municipios, en todo caso, exercerán as competencias na materia de protección do medio ambiente.

Polo anterior, visto que o medio ambiente urbano se considera como unha competencia propia que o concello está obrigado a prestar, xustificándose a excepcionalidade recollida no artigo 20.5 da Lei 31/2022, de 23 de decembro, pola que se aproba o orzamento xeral do Estado para o ano 2023, prorrogada para o ano 2026, esta Alcaldía considera xustificada a urxencia, a necesidade e a excepcionalidade da contratación laboral temporal dun auxiliar administrativo durante 9 meses.

Pola resolución de Alcaldía núm. 337/2026, do 27 de maio de 2026, aprobouse a convocatoria e as bases que han de rexer o procedemento selectivo para a contratación, en réxime laboral temporal, de cinco peóns/peoas forestais, grupo de cotización 10, e un/unha auxiliar administrativo/a, grupo de cotización 7, para desenvolver o “Plan de limpeza de pistas forestais de Ponteceso”, publicándose o anuncio no BOP núm.102, do 2 de xuño de 2026, e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

Con data do 02-06-2026 este concello presentou oferta de emprego na Oficina Pública de Emprego de Carballo para cubrir o posto de traballo de auxiliar administrativo/a, tal e como reflicte o artigo 14.4 da Orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración que regula a subvención, remitíndose pola mesma, a través do correo electrónico, o día 05-06-2026 unha listaxe de 8 currículos de persoas candidatas dispoñibles, que se axustan ao perfil profesional solicitado, co número de oferta **12-2026-5380**.

Presentadas polas persoas candidatas as solicitudes de participación, dítase por esta Alcaldía o día 12-06-2026 a resolución núm. 365/2026, pola que se aproba a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas. Nela noméase aos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo e convócase aos aspirantes admitidos para a realización da 1ª proba o día 16-06-2026.

Rematado o proceso selectivo, o tribunal, na reunión celebrada o día 22 de xuño de 2026, acordou elevar á Alcaldía a proposta seguinte:

**“Primeiro:** Declarar aprobado ao aspirante que acadou a maior puntuación, que resulta ser **ALBERTO MANUEL PET MARTINEZ**, con DNI **\*\*\*1641\*\***, para a cobertura de 1 praza de auxiliar administrativo, persoal laboral temporal, grupo profesional VII, grupo 7 de cotización á Seguridade Social, ao abeiro do Programa Galicia Suma Talento: Rural Activo.

**Segundo:** Elevar á Alcaldía a proposta de formación de **LISTA DE RESERVA** de auxiliares administrativos, persoal laboral temporal, Programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, consonte á base 14ª, formada polas persoas aspirantes que tendo superado o proceso selectivo non obtiveron praza, pola orde de puntuación obtida:



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CUALIFICACIÓN
1	FACAL FUENTES, DESIREE	***3714**	29

**Terceiro:** Publicar esta acta no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal para xeral coñecemento”

Logo de ver a documentación preceptiva esixida na base 12ª presentada o día 23-06-2026 polo aspirante declarado aprobado, Alberto Manuel Pet Martínez, con R.E. núm. 202600000000804, a cal se incorpora ao expediente.

Logo de ver o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención municipal o día 29 de xuño de 2026 (REF: MGM.29.06.26.2 Expte: 2026/E001/00002)

Considerando que a competencia para resolver correspóndelle á Alcaldía, de conformidade co establecido no artigo 21.1.a) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local e artigo 61.1.a) e h) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia,

#### RESOLVO:

**Primeiro:** Declarar a urxencia e a necesidade de contratación de un auxiliar administrativo para desenvolver o “Plan de limpeza de pistas forestais do Concello de Ponteceso” por un período de 9 meses.

**Segundo:** Contratar como **AUXILIAR ADMINISTRATIVO** para desenvolver o “Plan de limpeza de pistas forestais do Concello de Ponteceso”, ao abeiro da subvención concedida do Programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, grupo profesional 7, grupo de cotización á Seguridade Social 7, como persoal laboral temporal a tempo completo, a través da modalidade contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego (código de contrato 405), consonte ao establecido no artigo 15 da Orde de 22 de xaneiro de 2026, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2026 (DOG núm. 24, do 5 de febreiro de 2026), polo período de 9 meses, sendo a data de inicio o 01-07-2026 e a de fin o 31-03-2027, coas retribucións mensuais brutas de 1.761,33 euros, incluído o rateo das pagas extraordinarias e cun período de proba de dous meses, ao seguinte candidato (**número de oferta 12-2026-5380**) :

APELIDOS E NOME	DNI	CUALIFICACIÓN
PET MARTINEZ, ALBERTO MANUEL	***1641**	29,5

**Terceiro:** Aprobar, de conformidade coa proposta do tribunal de data 22-06-2026 e consonte á base 14ª, a **LISTA DE RESERVA** de auxiliares administrativos, persoal laboral temporal, Programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, formada polas persoas aspirantes que tendo superado o proceso selectivo non obtiveron praza, pola orde de puntuación obtida:



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CUALIFICACIÓN
1	FACAL FUENTES, DESIREE	***3714**	29

A vixencia desta lista coincidirá coa duración da contratación obxecto desta resolución, en atención ao seu carácter temporal, cuxo funcionamento rexerá polas normas sinaladas na base 14ª.

**Cuarto:** Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal para xeral coñecemento.

**Quinto:** Dar conta desta resolución ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Documento asinado na data da sinatura electrónica polo alcalde, D. José Manuel Mato Martínez, ante min, o secretario en acumulación, do que dou fe, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

O alcalde,

José Manuel Mato Martínez

O secretario en acumulación

Francisco Javier Novoa Juiz